

RENACEMENTO - QUATTROCENTO

EDIFICIO: PALACIO MÉDICI-RICARDI (FLORENCIA)

AUTOR: MICHELOZZI **MICHELOZZO** (1396-1472)

COMITENTE: Cosme I de Médici

CRONOLOXÍA: 1444

ESTILO: Renacemento (Quattrocento)

TIPOLOXÍA: Palacio (Arquitectura civil)

LOCALIZACIÓN: Florencia

MATERIAIS: Mampostería e pedra



DESCRINCIÓN FORMAL

O edificio deseñado por Michelozzo denota o inicio do arquetipo seguido nos principais palacios de Florencia, na medida **que cada planta está visiblemente definida e unha gran cornixa media entre a parte superior da fachada e o inicio do tellado. A estrutura do edificio está baseada na do palacio medieval tradicional.** De forma cúbica, a súa planta é case simétrica, catro muros conforman un imponente bloque cun patio central porticado (*cortile*) e un pequeno e reservado xardín na parte posterior. O conxunto aparece aínda dominado polo temor ao asalto e está disposto de tal forma que, pechando rapidamente as dúas portas de entrada da casa, convértese nunha fortaleza. Só quedaban fóra as cocheiras e as cuadras (aínda que hoxe non poden verse, xa que na ampliación dos Ricardi redobrouse a fronte, destruindo os anexos). **Os materiais de construción e as formas arquitectónicas están tratadas coa maior sinxeleza e de tal modo, que realzan claramente a orde estrutural do edificio.**

No exterior aprécianse claramente dous corpos, o inferior ten unha arcada sobre unha serie de columnas de orde composta, mentres que o corpo superior é macizo, nel ábrese unha serie de vans. A fachada está dividida en **tres pisos delimitados por cornixas**, que non sinalan os límites dos pisos interiores, senón que están utilizadas só como **un elemento para dividir o muro.**

No piso inferior ábrese tres grandes arcos de medio punto, que nun principio debían estar abertos, pero agora foron substituídos por xanelas. No segundo piso as **xanelas están formadas por arcos dobres, separados por un parteluz e inscritos á súa vez noutro arco máis amplo**, todos de medio punto. Por último, no terceiro piso as xanelas están formadas por arcos dobres separados por un parteluz, pero desapareceu o arco máis amplo. Importante o dovelaxe, dentro deste atopamos vans bíforos, iso tomado da antigüidade clásica. **A utilización do sillar almofadado utilízouse como símbolo de riqueza e poder, xa que era moi custoso e difícil de facer.**

Os pisos atenderán ás seguintes funcións: o inferior é pechado ao exterior menos polo portal principal, tránsito de comerciantes, clientes e visitantes así como das caballerizas; o corredor de acceso e o vestibulo dedícanse precisamente ao paso de xinetes e mercancias. O primeiro piso é o marco representativo que require a categoría social e os cargos públicos, onde atoparemos suntuosos recintos, salóns e despachos. O segundo piso, ao fin, a vivenda familiar.

O patio interior é un espazo cadrado con arcos de medio punto moi esveltos, sobre os que se sitúa un friso con medallones, que o separa da parte superior de xanelas.

COMENTARIO

O crecemento urbano e o auxe da burguesía propiciaron un gran desenvolvemento da arquitectura civil no Renacemento, sobre todo dos palacios e as vilas campestres.

A tipoloxía máis utilizada no palacio renacentista será a dunha forma cúbica cun patio central, ao redor do cal se dispoñen as diferentes estancias. O palacio Médici-Riccardi levantouse para Cosme de Medici, nunha antiga vía de Florencia. Conserva nunha das súas esquinas o escudo dos Médici. Leva tamén o nome da familia Riccardi que o habitou máis tarde.

Se Alberti acadou **conciliar a casa familiar tradicional coas formas clásicas que Brunelleschi utilizara para as igrexas, coa superposición de órdenes clásicas e a combinación de columnas e arcos propios do Coliseo romano**, co emprego por vez primeira das ordes clásicas nunha fachada, supuxo a plasmación práctica dos principios dunha nova arquitectura renacentista e estableceu un modelo que sería imitado durante máis de catrocentos anos. **Máis Michelozzo foi máis lonxe pola súa agresiva fachada rústica no palacio Medici-Riccardi, presidida por un almofadado gótico-toscano e pola súa marcada horizontalidade.** Neses anos, a figura do palacio formaba xa parte do contexto urbano e perderá o seu carácter defensivo orixinal para priorizar a habitabilidade e o desexo de reflectir o estatus social dos seus propietarios. Os palacios das familias florentinas de elevada posición deseñaríanse, na súa maioría, de acordo co estilo do palacio Médici-Riccardi, que se converte en paradigma do palacio renacentista toscano.